



|                                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|-------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Denominación do título                          | Máster Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética                                                                                                                                                                                                                                               |
| Campus                                          | Campus da Zapateira - A Coruña                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| Centro de adscrición                            | Facultade de Ciencias                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| Coordinador/a                                   | María Esther Rodríguez Belmonte<br><a href="mailto:esther.belmonte@udc.es">esther.belmonte@udc.es</a><br>881012058                                                                                                                                                                                           |
| Universidades e outros organismos participantes | Universidade da Coruña                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
| Créditos                                        | 60 créditos – Modalidade presencial/semipresencial                                                                                                                                                                                                                                                           |
| Idiomas de impartición                          | Español/Galego                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| Páxina web                                      | <a href="https://estudios.udc.es/gl/study/start/4441V02">https://estudios.udc.es/gl/study/start/4441V02</a><br><a href="https://masterciencias.udc.es/master-en-biologia-molecular-celular-e-xenetica/?lang=gl/">https://masterciencias.udc.es/master-en-biologia-molecular-celular-e-xenetica/?lang=gl/</a> |

## PRAZAS OFERTADAS PARA A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**23** prazas.

Máximo 10 prazas en modalidade semipresencial.

## REQUISITOS DE ACCESO E ADMISIÓN

### Requisitos xerais:

#### 1. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI ou pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso ao Máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (solicitud de expedición de título oficial).



- Certificación académica ou SET no que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.
- As persoas solicitantes con títulos que non sexan do sistema universitario español, deben presentar ademais unha [declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.
- As persoas solicitantes de países do EEES non membros da UE ou asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a [documentación legalizada](#).

## **2. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos alleos o EEES:**

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas](#).
- DNI o pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso aos estudos de Máster debidamente [legalizado](#).
- Certificado expedido por unha autoridade competente que exprese que o título que posúe faculta, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanza de Máster ou de Posgrao.
- Certificación académica dos estudos realizados debidamente [legalizada](#), na que conste:
  - o A duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
  - o As materias cursadas.
  - o A carga lectiva de cada materia (horas ou créditos).
  - o A cualificación e a escala de cualificacións.
- [Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.



## Requisitos específicos:

- Currículum vitae
- Titulación: rama de ciencias con orientación biolóxica ou biomédica.
- Idioma: o estudiantado procedente de países con idioma distinto do español ou portugués deberá presentar un certificado oficial que acredite, como mínimo, un nivel B1 de coñecemento de español.

## INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

### Perfil recomendado para o acceso á titulación:

- Licenciaturas de ciencias: Bioloxía, Biotecnoloxía, Química, Bioquímica, etc.
- Licenciaturas de ciencias da saúde: Farmacia, Medicina, etc.
- Graos de ciencias: Bioloxía, Biotecnoloxía, Química, Bioquímica, etc.
- Graos de ciencias da saúde: Farmacia, Medicina, etc.
- Profesionais sanitarios e das áreas de I+D.
- Formación continuada de técnicos e tecnólogos de I+D+i de empresas.
- Formación continuada de profesorado de bacharelato.

### Consideracións de admisión na modalidade de estudos semipresencial:

Unha proporción de estudantes poden cursar este máster mediante a modalidade semipresencial. Aqueles que soliciten ser admitidos baixo esta modalidade deberán aportar, na aplicación de xestión académica, o xustificante de residencia a mais de 80 Km da cidade da Coruña e/ou un contrato laboral que lle impida cursalo na modalidade presencial. En todo caso as prácticas das materias de carácter obrigatorio, e dalgunhas materias de carácter optativo, desenvolveranse de maneira presencial de forma obrigatoria e nun período concentrado de tempo que establecerá a coordinación do máster.

### Criterios de baremación:

Expediente académico (80%) tendo en conta os perfís de ingreso recomendados para a titulación.

- Créditos superados (ou equivalentes) nas áreas de bioquímica e bioloxía molecular, bioloxía celular, microbioloxía e xenética (20%):
  - o Coñecementos demostrados mediante expediente académico de 72 ou máis créditos ECTS en calquera das catro áreas arriba especificadas.



- Experiencia laboral, formación extracurricular ou participación en actividades investigadoras nas áreas especificadas.
- A criterio da Comisión Académica, poderá realizarse unha entrevista persoal para valorar os coñecementos teóricos, así como o coñecemento de calquera dos dous idiomas vehiculares do máster (castelán e galego).

## Titulación Internacional

Dende o curso 2014-15, o estudiantado da Universidade da Coruña e os da Universidade de Palermo que superen o Máster na UDC (60 ECTS) ou na Universidade de Palermo (Máster of Science-MSc in Cellular and Molecular Biology, 120 ECTS), segundo un currículo específico, poden obter una dobre titulación en dous anos lectivos.

Hai bolsas de estudo Erasmus específicas para estudos no estranxeiro, no marco deste acordo. Para o alumnado que accede dende un grao de 180 ECTS, a dobre titulación permítelle acadar os 120 créditos ECTS necesarios para acceder ao doutoramento.

A ligazón para o sitio web de estudos Palermo é:  
<http://portale.unipa.it/dipartimenti/stebicef/cds/biologiacellulareemolecolare2008/EnglishVersion/Presentation/>.

## Requisitos xerais da documentación:

- Debe ser oficial e expedida polas autoridades competentes.
- Se a documentación está nun idioma distinto ao galego ou castelán deben acompañala da tradución oficial que deberá facela un/unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español. Máis información [aquí](#).
- Non será necesaria a tradución oficial cando sexan redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana, nestes casos é suficiente coa tradución realizada pola persoa interesada, se houbese discrepancia, prevalecerá a tradución feita pola UDC.
  - No suposto da documentación traducida deben presentar copias dos:
    - documentos orixinais sen traducir (sen o selo do tradutor)
    - documentos orixinais traducidos (co selo do tradutor)
- Todos os documentos serán copias compulsadas.



- Se na preinscrición presentan copias simples, ao efectuar a matrícula deben presentar os orixinais para a súa compulsa.
- A comisión do Máster pode solicitar máis documentación.

## **Legalización de documentos:**

Os documentos académicos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deben presentalos legalizados, pola vía diplomática, ou mediante a Apostila da Haia.

Para legalizalos por vía diplomática deben presentalos nos seguintes organismos:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediran os documentos.
- Representación diplomática ou consular de España nese país.

Para legalizar os documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia, haberá que presentalos no:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores ou ministerio correspondente do país onde se expediran los documentos.